

Composición de texto 3.- A RESTAURACIÓN DE FERNANDO VII E DO ABSOLUTISMO (AS ETAPAS DO REINADO)

No Tratado de Valençay (1813), Napoleón devolve a coroa de España a Fernando VII e aínda que este tratado non tivo recoñecemento internacional, Fernando VII regresa a España en 1814. Os liberais desconfiaban da predisposición do monarca para acatar a nova orde constitucional, por iso dispuxeron que viaxase directamente a Madrid para xurar a Constitución. Fernando VII acatou as condicións. Pero os absolutistas (nobreza, clero e parte do exército) consideraban en que o regreso do rei era a mellor oportunidade para desfacer o labor de Cádiz e volver ó Antigo Réxime, por iso mobilizaron ó pobo para que mostrase unha adhesión incondicional ó monarca e demandaron, no coñecido como o “Manifesto dos persas”, a Fernando VII a restauración do absolutismo. Fernando VII, traizoando as súas promesas, aprobou de inmediato en Valencia o **Real Decreto do 4 de maio de 1814** anulando a Constitución de 1812 e as leis de Cádiz e anunciando a volta ó absolutismo.

Sexenio Absolutista (1814 – 1820) Tras a aprobación do Real Decreto do 4 de maio, a monarquía procedeu á restauración de todas as institucións do réxime señorial e da Inquisición. Esta volta ó Antigo Réxime producíase no contexto internacional da Restauración absolutista europea imposta no Congreso de Viena polas potencias vencedoras de Napoleón, no que se creou o exército da Santa Alianza, que garantía a defensa do absolutismo e o dereito a intervir en calquera país para frear o avance do liberalismo.

Durante o Sexenio Absolutista, Fernando VII tivo que afrontar, sen éxito, graves problemas:

- **Un país desfeito pola guerra**: perdas humanas (255 000 – 375 000) e materiais que arruinaron ó campesiñado e paralizaron a produción manufactureira e o comercio.
- **Finanzas en bancarrota** pola falta de recursos económicos, debido en gran parte a imposibilidade da chegada de ingresos de América (impostos, metais, produtos...) e ós enormes gastos militares para sufocar o movemento de independencia das colonias americanas; á necesidade de reconvertir unha economía de guerra nunha de paz; ó ineficaz sistema tributario (fracaso da reforma fiscal de Martín de Garay, 1817).
- O **comezo da emancipación das colonias** americanas (1810-1825).
- A **inestabilidade dos gobernos**, debido ó excesivo poder da camarilla do rei (clérigos e aristócratas reaccionarios) e á oposición dos liberais, que conspiraban en sociedades secretas (masonería) e en pronunciamentos militares (proclamación dun ou varios militares, que crendo contar con apoios sociais, políticos e económicos, esixe un cambio político).

Ademais, os acontecementos sucedidos entre 1808 e 1814 favoreceran o cambio de mentalidade dalgúns grupos sociais:

- O campesiñado, que deixara de pagar rendas señoriais, protestaba pola imposición dos vellos tributos.
- A burguesía rexeitaba a ríxida regulamentación gremial e esixía a liberdade económica.
- O sector liberal do exército, formado polos antigos xefes das guerrillas, era partidario de reformas e manifestaba o seu descontento con pronunciamentos (Díaz Porlier en A Coruña, 1815; Lacy en Cataluña, 1817; Riego, en Andalucía, 1820...).

A monarquía só respondía a este malestar con **represión**: os principais dirixentes liberais foron procesados e condenados a prisión ou desterro, outros marcharon ó exilio e as Universidades e moitos xornais foron pechados.

Trienio Liberal (1820 – 1823) O 1 de xaneiro de 1820, o coronel **Rafael del Riego**, á fronte dunha compañía de soldados acantoados en Cabezas de San Juan (Sevilla) e pendentes de embarcar para combater nas colonias americanas, pronunciouse a favor da Constitución de 1812. A pasividade do exército, a acción dos liberais nas principais cidades e a neutralidade do campesiñado obrigaron a Fernando VII a aceptar a Constitución (10 de marzo), formar novo goberno (que aprobou unha amnistía) e convocar eleccións a Cortes.

Os resultados electorais deron a maioría ós liberais, que iniciaron unha rápida e importante labor lexislativa. **Restauraron as reformas de Cádiz**: liberdade de industria e de comercio, abolición dos gremios, supresión dos señoríos xurisdiccionais e dos morgados, desamortización e venda das terras

dos mosteiros, reconstitución da Milicia Nacional e de concellos e deputacións electivos. Estableceron a diminución do décimo e reformaron o sistema fiscal, o código penal e o exército.

Estas reformas suscitaron a **oposición da monarquía**, o descontento do **campesinado**, da **nobreza** e da **Igrexa** e a **división dos liberais**.

- Fernando VII, que aceptara o novo réxime forzado polas circunstancias, paralizou desde o primeiro momento todas as leis que puido (recorrendo ó dereito de veto que lle outorgaba a Constitución) e buscou a intervención das potencias absolutistas europeas para recuperar o poder absoluto.

- Os campesiños libráranse dos señoríos xurisdiccionais, pero os antigos señores eran agora propietarios capitalistas que lles arrendaban as terras a cambio dunha renda en metálico (máis difícil de satisfacer, nunha economía de autoconsumo, que as antigas rendas en produtos agrarios) e podían botalos se non a pagaban (perderan os tradicionais dereitos a traballar as terras dos señores).

- A nobreza tradicional e a Igrexa (prexudicada pola rebaixa do décimo e pola venda dos bens monacais), nostáxicos do Antigo Réxime, impulsan revoltas antiliberais en Cataluña, Navarra, Galicia e Maestrazgo e establecen unha rexencia absolutista na Seo de Urgell (Lleida), en 1823.

- Os liberais dividíronse en dúas tendencias: os **moderados** ou **“doceañistas”** (Argüelles, Martínez de la Rosa), partidarios de reformas limitadas que non prexudicasen ás elites sociais; e os **exaltados** ou **“veinteañistas”** (Mendizábal, Alcalá Galiano), defensores de reformas radicais favorables ás clases medias e populares.

Porén, non foron os conflitos e as divisións internas as que acabaron co Trienio Liberal, senón a acción da Santa Alianza que, a petición de Fernando VII, encargou a Francia a intervención en España. En 1823, os **Cen Mil Fillos de San Luís**, baixo o mando do duque de Angulema, irromperon en territorio español e repuxeron a Fernando VII como monarca absoluto.

Década Ominosa (1823 – 1833) A pesares do cualificativo de “ominosa” (aborrecible, abominable) dado polos liberais para este período, a política seguida nesta etapa non foi idéntica á do Sexenio Absolutista.

Volveuse restablecer a censura e o décimo, anuláronse as desamortizacións e a supresión das ordes monásticas, substituíuse a Inquisición pola Xuntas de Fe (encargadas de censurar e vixiar as publicacións) e a Milicia Nacional polo Corpo de Voluntarios Realistas, pecháronse as Universidades e exerceuse unha dura **represión** contra os liberais, que foron executados (Riego, Torrijos, Mariana Pineda...), encarcerados ou marcharon ó exilio.

Pero as dificultades da Facenda, agravadas pola perda definitiva das colonias americanas (agás Cuba e Puerto Rico), **obligou ó rei a buscar o apoio do sector moderado da burguesía**. Creouse un arancel proteccionistas para as manufacturas catalás, o Código de Comercio, o Banco de San Fernando, a Bolsa de Madrid, os primeiros Orzamentos Xerais do Estado (de López Ballesteros, ministro de Facenda)...

Esta actitude incrementou a **desconfianza dos** sectores máis reaccionarios e tradicionalistas, os **“apostólicos”**, xa descontentos porque non se restablecera a Inquisición nin se actuaba con máis contundencia contra os liberais. En Cataluña estes grupos ultraconservadores (os *Malcontents*) provocan revoltas e na Corte os apostólicos agrúpanse arredor de Carlos María Isidro, irmán e previsible sucesor de Fernando VII.

Nos últimos anos do reinado de Fernando VII engadiuse outro problema, a **sucesión ó trono**. En España reinaran mulleres, pero Felipe V impuxera a Lei Sálica (de orixe francés), que impedía o acceso ó trono ás mulleres. Sen fillos e tras enviuvir por terceira vez, Fernando contrae matrimonio con María Cristina de Borbón e, ante a posibilidade de ter unha filla, aproba, en abril de 1830, a **Pragmática Sanción** (lei dos tempos de Carlos IV que derogaba a Lei Sálica e, baseándose na lexislación tradicional española, permitía reinar ás mulleres; pero que non fora publicada). En outubro de 1830 nace Isabel, a sucesora ó trono. Os absolutistas máis ultraconservadores non aceptan a nova situación e aproveitando unha grave enfermidade do rei conseguen que derogue a Pragmática. María Cristina, de ideas conservadoras, tivo que buscar o apoio dos liberais máis moderados para defender os dereitos sucesorios da súa filla. En 1833 morre Fernando VII, reafirmando no seu testamento a Isabel (de tres anos) como herdeira ó trono e nomeando a María Cristina como gobernadora ata a maioría de idade da raíña. Carlos María Isidro non acepta o testamento e considérase o lexítimo herdeiro (no Manifesto de Abrantes proclámase rei co nome de Carlos V), os carlistas inician levantamentos absolutistas no norte de España (País Vasco, Navarra, Cataluña...). Comeza a Primeira Guerra Carlista.